




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Mugardos e Ares. Parroquia: Santiago de Franza no E.; San Vicente de Meá na parte central; San Xulián de Mugardos no O.; e San Xosé de Ares na esquina máis ao S; Extensión: 3,98km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Unidade modelada na superficie de nivel antigo dos 100/200 metros, ben desenvolvido no Golfo Ártabro. Fronte acantilada precedido por unha chaira intermareal de largo variable. Vertentes de pendente suave, en realidade, unha chaira costeira.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", composta por materiais precámbrico-silúricos metamórficos de xistos, como xistos e cuarzo xistos. Hai bandas de xistos filíticos de Punta Promontorio e Enseada da Barca cara ao sur. No Cabo Leiras, aparece un enclave de anfíbolitas antehercínicas. No Cuaternario, destacan os depósitos intermareais da Enseada da Barca.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido caracterizado por valores medios de temperatura superior a 15°C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1000mm e 1200mm. No tocante á oscilación térmica media sempre é inferior a 12,5°C.

#### OS SOLOS

Unidade de grande uniformidade edáfica e materiais metamórfico-de xistos con desenvolvemento de solos tipo cambisol eútrico. Na vila de Mugardos e o porto de Punta Promontorio, a transformación humana introduce os antrosóis.


#### AS AUGAS

Rede fluvial pouco salientable, tan só cómpre mencionar o pequeno Río da Barca que verte as súas augas na enseada do mesmo nome. A veciña enseada de Santa Lucía e o contorno do núcleo de Mugardos carecen de río de importancia. Desauga na masa de Augas Costeiras da Ría de Ferrol (20124).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa baixa de marisma e chairas intermareais, ten como hábitats principais os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais, 1110 e 1140, de gran talla na Enseada da Barca. Litoral moi modificado, con portos, e artificialidade da liña de costa en xeral. Os cantís do hábitat 1230, cantís con vexetación das costas atlánticas, aparecen moi transformados en ambiente e perfil. Área interior tamén bastante transformada. Non existindo cursos de entidade, as frondosas autóctonas proceden de restos de carballeiras e soutos costeiros (9230-9260) ou por recolonización de lindes. A costa da Enseada da Barca aglutina estas masas.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A maior parte do solo da unidade está fortemente artificializada e dedicada a usos agrícolas. O terzo occidental caracterízase por un uso predominantemente urbano, aínda que entre a edificación non compacta descóbreanse superficies aínda dedicadas ao cultivo. A parte central era antes unha paisaxe continua formada por pequenas parcelas de cultivo que chegaban até a fronte litoral, e hoxe está moi fragmentada pola introdución de usos residenciais e outras actividades urbanas, con frondosas autóctonas procedentes de restos de carballeiras e soutos costeiros na parte máis interior. No terzo oriental da unidade o uso do solo está condicionado pola existencia do curso do río da Barca, que tiña tradicionalmente asociadas superficies de cultivo e vexetación de ribeira que na actualidade están interrompidas pola presenza de infraestruturas de comunicación. A costa desta zona oriental está cuberta por áreas de repoboación e, máis cara ao interior, obsérvanse superficies de cultivo con presenza de bosques autóctonos de Quercus. Os usos máis tradicionais e involucrados co litoral da unidade son a actividade marisqueira de extracción de ameixa e berberecho presente no bordo costeiro, xunto coa pesca de baixura das embarcacións que atracan no porto de Mugardos. Pero sen dúbida a actividade que maior beneficio achega ao municipio é a planta gasificadora situada en Punta Promontorio, que almacena e transforma gas natural licuado para fornecer ás centrais eléctricas de ciclo combinado das Pontes de García Rodríguez e Arteixo, así como outras industrias.

#### MORFOLOXÍA

A presenza do núcleo de identidade litoral de Mugardos no bordo occidental da unidade condiciona fortemente o carácter e desenvolvemento desta paisaxe. Os primeiros documentos manuscritos que falan de Mugardos (Mogardos) datan de 1105, aínda que a zona foi poboada desde a época prehistórica. Mugardos é un Núcleo de Identidade Litoral por tratarse duns asentamentos fundacionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lle confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico. Organizouse sempre envorcado á enseada xerada entre Punta Leiras e Punta do Ratón, cunha estrutura densa e compacta apoiada en tres vías radiais e unha transversal. O crecemento disperso que hoxe caracteriza non só os arrabaldes do núcleo, senón toda a unidade paisaxística, débese a unha colonización do territorio mediante tipoloxías de residencia unifamiliar ao longo das principais vías de comunicación, estirando os núcleos tradicionais da Predreira, Chancelos e O Penedo até conformar unha paisaxe fortemente construída que transformou o perfil e a continuidade desta fachada marítima. No extremo oriental, os núcleos tradicionais do Monte e Franza pechan a paisaxe, sen experimentar grandes crecementsos recentes.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O núcleo de Mugardos condiciona tamén a rede viaria desta unidade, que terá unha forte compoñente radial desde este. A AC-122 sae de Mugardos cara ao leste (continuando a AC-131 que vén da Redonda), paralelamente á costa ata que no punto medio da unidade se desvía cara ao interior. Este percorrido lonxitudinal paralelo á costa continúa na C-3504, en dirección Fene. Outra vía, a AC-129, percorre en sentido lonxitudinal o territorio pola parte interior, unindo os núcleos de Mugardos, A Pedreira e Rilo. A outra conexión transversal principal, á parte da xa mencionada, é a AC-130, que salgue de Mugardos cara ao interior. A recente construción da vía rápida VRG-1.2 para dotar de accesibilidade á planta regasificadora, cun nó de ligazón na desembocadura do río da Barca, supón unha forte alteración na rede viaria tradicional.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen numerosos vestixios das etapas da colonización da área de Mugardos, entre os que destacan os castros de Mugardos, San Vitorio e Mehá, xunto aos depósitos de Caldoval e Santa Lucía e os restos do asentamento romano da Praia de Noville, no extremo oriental da unidade. En canto a patrimonio arquitectónico relixioso, apuntar a igrexa de San Xíao en Mugardos, templo de estilo neoclásico de mediados do século XX inspirado na Concatedral de San Xulián de Ferrol, e a igrexa de San Vicenzo de Mehá, levantada no século XIX sobre os restos dunha antiga capela do século XVI. Tamén se poden mencionar as Capelas menores de San Vicenzo de Mehá ou a Capela de San Vitorio, en Franza. Atopamos tamén numerosos exemplos de patrimonio etnográfico e arquitectura civil catalogados, tanto no núcleo de Mugardos (edificio de San Xíao, edificio do Concello, cine Zárate...) como no resto do territorio (Pazo de Novas, Pazo de Rilo, Pazo das Condesas).

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O fito ou referencia xeográfica que marca fisicamente as unidades é o núcleo de Mugarbos e o seu porto pesqueiro, xunto con todas as actividades residenciais e doutro tipo que atrae á súa contorna. No conxunto da unidade a apertura de vías alleas á estrutura agrícola existente propiciou un fenómeno de crecementos lineais mediante tipoloxías alleas ao modelo tradicional de ocupación do territorio, xerando un divorcio entre a estrutura produtiva propia dunha actividade en retroceso e os novos usos residenciais. Tamén imprime un forte carácter a presenza na costa da planta de regasificación, xa que modifica por completo a fisionomía da fronte litoral.

### DINÁMICA DA PAISAXE

O retroceso da actividade agrícola nesta zona, anteriormente cultivada até a costa, permitiu a recuperación da vexetación costeira na práctica totalidade da fronte litoral (excepto aqueles puntos que soportan actividades urbanas ou industriais). Tamén propiciou a aparición dunha importante superficie forestal no extremo suroeste, na zona coñecida como Souto de Cana, e a recuperación de masas forestais e de ribeira ao longo da canle do río da Barca. Pola contra, o proceso urbanizador que nace en Mugarbos e se desenvolve ao longo das vías principais que atravesan a unidade supuxo unha modificación moi importante nas dinámicas de ocupación do territorio, xa que introduce tipoloxías, modos de agregación e usos até entón reservados aos núcleos urbanos máis ou menos consolidados.

### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

O Núcleo de Identidade Litoral de Mugarbos, no seu ámbito orixinario entre Punta Leiras e Punta do Ratón é o elemento identitario da unidade. Esta unidade permite unha lectura continua de todo o seu territorio, xa que é sensiblemente plana e carece de obstáculos xeográficos que interrompan as conexións visuais. A pesar de tratarse dun espazo fortemente antropizado, mantén un carácter homoxéneo no que se poden entender as dinámicas de ocupación do solo en territorios nos que o abandono de actividades produtivas é compensado pola potenciación de actividades residenciais. Destacan nesta paisaxe os valores naturais dos bancos areosos e lamacentos da chaira da desembocadura do río da Barca, coas masas forestais asociadas (tanto de bosque de repoboación como autóctono), así como certos tramos da costa que aínda conservan as formacións orixinais acantiladas.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS



















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

##### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

##### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



